

## *Perspectivas demográficas e urbanísticas do concello de Nigrán, 2005-2016*

JUAN J. HERMIDA L.

A lei 9/2002 de 30 de decembro (DOG de 31 de decembro de 2002) establece a base legal para a ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No texto introdutorio da lei alúdese á necesidade de elaborar un marco común de urbanismo do futuro de Galicia que supuxo a subscrición dun acordo marco para a reforma do urbanismo de Galicia o 27 de xullo de 2001, entre diferentes autoridades da comunidade autónoma galega. O obxectivo deste acordo foi establecer as bases para a reforma da nosa lexislación urbanística coa finalidade de *“contribuír ó desenvolvemento harmónico do territorio, preserva-lo patrimonio arquitectónico de Galicia, o medio ambiente urbano e rural e conseguir unhas cidades máis habitables e sostibles”*. Froito deste acordo creouse unha comisión técnica que elaborou un acabado documento denominado *“Criterios e recomendacións técnicas para reformar-la lexislación urbanística de Galicia”*. A partir destes traballos abordouse a reforma da lexislación urbanística de Galicia que resultou na Lei 9/2002 de 30 de decembro (DOG de 31 de decembro de 2002). A finalidade esencial da lei debe ser mellorar substancialmente a calidade da ordenación urbanística de Galicia cara a:

- Favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio.
- Contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.
- Protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural.
- Garantir o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna.

Un dos grandes eixes sobre os que pivota esta reforma constitúe a armazón e definición do medio rural e do solo rústico. Tal e como se recolle na lei, Galicia conta cunha arquitectura rural de excepción e cun territorio de incalculable valor paisaxístico, cunhas terras eminentemente fértiles e con vocación agrícola, gandeira e forestal, e cun litoral de extraordinario valor económico, ambiental, histórico e cultural. Ao abeiro desta evidencia reconécese a anarquía das construcións e usos, a deterioración das edificacións, a falta de conclusión de moitas delas e a degradación da paisaxe.

O Sexto programa comunitario en materia de medio ambiente, *“Medio ambiente 2010: o futuro nas nosas mans”*, establece como un dos seus cinco eixes prioritarios de acción estratéxica ter en conta o medio ambiente na xestión do territorio mediante a difusión e o fomento das mellores prácticas relativas á planificación sostible. Así mesmo, no ámbito de acción prioritario relativo á biodiversidade, propón a protección,

conservación e restauración dos solos e as paisaxes, o desenvolvemento sostible dos bosques e a protección e restauración do litoral. Segundo establece a lei, “a utilización do solo rústico non poderá efectuarse en contradición coas súas tendencias xenuínas, de forma que terá que potenciarse a preservación dos seus valores naturais e culturais que aínda subsisten e, en consecuencia, deberán concentrarse os usos económicos e residenciais, na medida do posible, alí onde tradicionalmente se viñeron producindo, é dicir, nos núcleos de poboación existentes e baixo os parámetros edificatorios que manteñan, sen prexuízo das novas tecnoloxías, a nosa identidade histórica”.

A nova lei establece unha novidade organizativa, a creación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, organismo de natureza consorcial, composto pola Comunidade Autónoma de Galicia e cantos municipios voluntariamente opten por lle transferir as súas competencias sancionadoras. O 11 de outubro de 2005, María José Caride, a conselleira de Política Territorial, compareceu no Parlamento para formular as directrices da ordenación do noso territorio. As súas medidas pasan por impulsar unha axencia para combater o feísmo e as irregularidades urbanísticas. Trátase da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, unha entidade que xa existía pero que agora se converterá, en palabras da conselleira, “nun potente mecanismo de reacción contra a indisciplina urbanística”.

Tendo en conta os obxectivos da Lei 9/2002 do 30 de decembro, a continuación amósase a análise dalgúns aspectos que se deberían ter en conta para o deseño dun Plan de Ordenación do Territorio que garanta o desenvolvemento equilibrado e sostible do mesmo. O traballo centrarase unicamente no referente á evolución demográfica e polo tanto ás necesidades de vivenda para o futuro. Son moitos máis aspectos os que se deben ter en conta para o deseño dun Plan Urbanístico, pero escomencemos por algún deles.

## OBXECTIVO

A construción de vivendas debe responder a dous parámetros fundamentalmente:

1. Garantir o acceso dos habitantes a unha vivenda digna.
2. Dar resposta ás demandas sociais.

O primeiro punto, recollido no texto constitucional, esixe un nivel de edificabilidade tal que garanta o acceso a vivenda de todos e cada un dos españois.

O segundo punto pode forzar a aparición de situacións contraditorias. Por unha banda se a demanda de vivendas secundarias é elevada, esixirá a creación dunha gran cantidade de vivendas. Sen embargo a meirande parte delas permanecerá deshabitada a maior parte do ano. Este feito atenta contra dous dos principais obxectivos da lei: favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio e contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.

Ao abeiro desta situación cabe preguntarse o seguinte:

1. Como crecerá a poboación nos próximos anos no concello de Nigrán?
2. Cales serán as necesidades urbanísticas do concello de Nigrán en canto a número de vivendas se refire?

## ANÁLISE DA POBOACIÓN. CENSO 1996-2005

A partir das bases de datos consultadas (Instituto Nacional de Estadística (INE)<sup>1</sup> e Instituto Galego de Estatística (IGE)<sup>2</sup>) e para poder estimar o número de habitantes no concello de Nigrán nos vindeiros anos, é necesario determinar se a evolución da poboación de Nigrán nos últimos anos foi diferente á da poboación total do estado español e mesmo da provincia de Pontevedra. Na *táboa 1* amósanse os datos recollidos nas series de poboación dende 1996 do Instituto Nacional de Estadística (2006)<sup>1</sup> para as tres poboacións sinaladas.

	Nigrán	Pontevedra	España
1996	15.197	915.104	39.669.394
1998	15.422	906.298	39.852.651
1999	15.647	908.803	40.202.160
2000	15.905	912.621	40.499.791
2001	16.302	916.176	41.116.842
2002	16.684	919.934	41.837.894
2003	16.806	927.555	42.717.064
2004	16.894	930.931	43.197.684
2005	17.281	938.311	44.108.530

*Táboa 1.* Número de habitantes recollido no censo a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística.

Para determinar en que medida se parece a dinámica das tres poboacións presentadas, realizouse unha análise da correlación entre os valores de poboación da *táboa 1*. Tal e como se amosa na *táboa 2*, os datos amosan que existe unha elevada correlación significativa entre os mesmos.

	Correlación de Pearson	Probabilidade
Nigrán vs. Pontevedra	0,891	Altamente significativa (P < 0,001)
Nigrán vs. España	0,972	Altamente significativa (P < 0,001)
Pontevedra vs. España	0,958	Altamente significativa (P < 0,001)

*Táboa 2.* Magnitude e significación do coeficiente de correlación entre o número de habitantes das poboacións de Nigrán, provincia de Pontevedra e España.

### CONCLUSIÓN 1


A evolución da poboación española, da provincia de Pontevedra e do concello de Nigrán é a mesma nos últimos 10 anos.

## PROXECCIÓN DA POBOACIÓN PARA OS PRÓXIMOS 20 ANOS

### PROXECCIÓN DA POBOACIÓN ESPAÑOLA

Segundo a División de Poboación de Nacións Unidas, España pasará de 40 a 31 millóns de habitantes nos próximos 50 anos. No 2050 España será o país máis vello do mundo e terá perdido o 21,8% da súa poboación actual<sup>3</sup>.

A partir do censo do ano 2001, e en contradición coa afirmación anterior, o Instituto Nacional de Estatística (INE)<sup>1</sup> prevé un incremento da poboación ata o ano 2030, no que se acadarán en torno a 46 millóns de habitantes. A partir deste ano a poboación comezará a decrecer paulatinamente (*fig. 1*).



*Figura 1.* Proxección da poboación española segundo o Instituto Nacional de Estatística.

A partir dos datos do INE sobre a proxección da poboación española, e para poder restablecer comparacións cos datos obtidos para a provincia de Pontevedra, a taxa promedio interanual de crecemento da poboación española entre os anos 2002 e 2016 é de  $6,68 \pm 1,23\%$ , oscilando entre 16,70%, para o ano 2002, e 2,03% para o ano 2016 (*táboa 3*). (Emprégase o ano 2016 como máximo de proxección en todos os casos, xa que é para este período do que hai datos dispoñibles para tódalas poboacións analizadas).

Media $\pm$ E.E. (%)	6,68 $\pm$ 1,23
Rango (%)	2,03 – 16,70

*Táboa 3.* Media, erro estándar (E.E) e valores de rango da taxa interanual de crecemento poboacional de España entre os anos 2002 e 2016

A taxa interanual de crecemento da poboación estímase como a relación da diferenza entre o número de habitantes dese ano ( $N_i$ ) e os do ano anterior ( $N_{i-1}$ ) respecto do número de habitantes que había no ano anterior, segundo a expresión.

#### PROXECCIÓN DA POBOACIÓN DE PONTEVEDRA

A nivel provincial a estimación do crecemento poboacional nos próximos anos, no escenario no que se prevé unha maior taxa de crecemento, sitúa a poboación de toda a provincia de Pontevedra en torno a 945102 habitantes no ano 2016 (*fig. 2*).




Figura 2. Proxección da poboación da provincia de Pontevedra entre os anos 2002 e 2016.

A partir destes resultados e tal e como se amosa na *táboa 4*, as taxas de crecemento anual oscilan entre 6,17‰ para o ano 2002 e 1,07‰ para o ano 2016. O valor promedio da taxa de crecemento poboacional interanual é de 3‰ ± 0,0004.

Como se pode observar da comparación das *táboas 3 e 4*, a taxa interanual de crecemento da poboación para os próximos anos é menor para a poboación da provincia de Pontevedra que para o resto do estado español, polo que se prevé un menor crecemento relativo da poboación da provincia de Pontevedra que da poboación total española. A partir dos datos consultados, na *táboa 5* amósase a poboación estimada para a provincia de Pontevedra e para España.

Media ± E.E. (‰)	3,00 ± 0,40
Rango (‰)	1,07 – 6,17

Táboa 4. Media, erro estándar (E.E) e valores de rango da taxa interanual de crecemento poboacional da provincia de Pontevedra entre os anos 2002 e 2016.

Unha análise da correlación entre os datos recollidos na *táboa 5* amosa que a evolución de ámbalas dúas poboacións vai ser a mesma no período de tempo analizado (*táboa 6*).

Ano	Pontevedra	España
2002	906.364	41.314.017
2003	911.952	42.003.906
2004	917.044	42.637.710
2005	921.441	43.204.131
2006	925.446	43.730.484
2007	928.904	44.124.101
2008	931.794	44.382.699
2009	934.284	44.605.343
2010	936.443	44.803.160
2011	938.394	44.986.150
2012	940.124	45.160.224
2013	941.596	45.323.817
2014	942.915	45.475.734
2015	944.090	45.615.567
2016	945.102	45.742.380

*Táboa 5.* Proxección da poboación dende o ano 2002 ao ano 2016.

	Correlación de Pearson	Probabilidade
Pontevedra vs. España	0,998	Altamente significativa ( $P < 0,001$ )

*Táboa 6.* Magnitude e significación do coeficiente de correlación entre os valores de poboación estimados entre o 2002 e o 2016 da provincia de Pontevedra e de España.

## CONCLUSIÓN 2

O comportamento das poboacións de España e Pontevedra vai ser o mesmo nos vindeiros anos. En todo caso o crecemento da poboación da provincia de Pontevedra de non ser menor có estatal será igual a este. Debido á forte correlación entre os valores acadados polas distintas poboacións analizadas, non existen razóns para pensar que a poboación de Nigrán se comporte de distinto xeito cás poboacións nacionais e provinciais.


## PROXECCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE NIGRÁN

Dado que non existen proxeccións de poboación para os próximos anos a nivel municipal nas bases de datos consultadas, empregáronse as proxeccións comarcais para estimar a evolución nos próximos anos da poboación de Nigrán. A partir dos

datos das proxeccións da poboación para as distintas comarcas de Galicia ofrecidas polo Instituto Galego de Estatística<sup>2</sup>, aplicáronse as taxas de crecemento poboacional calculadas para a comarca de Vigo á poboación de Nigrán no ano 2005. Os resultados acadados para a proxección de Nigrán ata o ano 2016 amósanse na *táboa 7*. Na *figura 3* amósase unha representación gráfica dos datos da *táboa 7*.

Ano	Poboación censada	Taxa anual de crecemento	Poboación estimada
2005	17.281	0,0072706	-----
2006		0,0069267	17.407
2007		0,0065555	17.527
2008		0,0061261	17.642
2009		0,0057213	17.750
2010		0,0055049	17.852
2011		0,0052111	17.950
2012		0,0045768	18.043
2013		0,0038692	18.126
2014		0,0035567	18.191
2015		0,0037169	18.255
2016		-----	18.323

*Táboa 7.* Proxección da poboación de Nigrán entre o ano 2005 e o 2016 segundo as taxas de crecemento estimadas para a Comarca de Vigo.



*Figura 7.* Proxección da poboación do concello de Nigrán entre os anos 2005 e 2016.

Como se pode observar, a poboación prevista para o concello de Nigrán no ano 2016 será de 18.323 habitantes.

A partir destes resultados e axustándoos a un modelo de progresión logarítmico, nin sequera no ano 2025 se acadarán os 19500 habitantes no concello de Nigrán (fig. 8)




Figura 8. Proxección da poboación do concello de Nigrán para o ano 2025, asumindo unha progresión logarítmica.

#### ANÁLISE DA CAPACIDADE URBANÍSTICA DO CONCELLO DE NIGRÁN

Segundo os datos consultados no ano 2001, o concello de Nigrán dispuña de 9.198 vivendas familiares para un total de 17.281 habitantes censados. Do total de vivendas familiares, 4.881 eran vivendas principais, 3.185 secundarias e 1.112 baleiras (táboa 8). A porcentaxe de cada un destes tipos de vivenda represéntase na figura 9.

Vivendas familiares	9.198
Principais	4.881
Secundarias	3.185
Baleiras	1.112

Táboa 8. Censo de vivendas do concello de Nigrán no ano 2001.





Figura 9. Porcentaxe de vivendas principais, secundarias e baleiras no concello de Nigrán segundo os valores censais do ano 2001.



A partir destes resultados a pregunta que un se fai é inmediata:  
É alta ou baixa a proporción de vivendas secundarias e baleiras no concello de Nigrán?


A partir dos datos recollidos no INE a proporción de vivendas secundarias e baleiras en diferentes ámbitos territoriais amósase na *figura 10*.



*Figura 10.* Proporción de vivendas secundarias e baleiras en España, Galicia, provincia de Pontevedra e Nigrán no último censo do INE.

Mentres que nos datos recollidos para España, Galicia e Pontevedra a proporción de vivendas secundarias e baleiras ronda o 30% como valor promedio, o mesmo tipo de vivendas supón o 46% no concello de Nigrán, un valor moi superior aos anteriores.

Como se distribúe a poboación nas 4.881 vivendas principais?  
Na *figura 11* amósase a distribución da poboación por vivenda.



*Figura 11.* Número de vivendas segundo o número de residentes que as ocupan no concello de Nigrán.

Como se pode observar, o maior número de vivendas (1.141) están ocupadas por 4 residentes. En orde descendente sitúanse as vivendas ocupadas por 3 residentes (956), por 2 residentes (901), por 1 residente (846), por 5 residentes (598) e por 6 ou máis residentes (439).

Ante os resultados acadados a partir da poboación proxectada para os próximos anos cabe facerse a seguinte pregunta:

Cantas vivendas serán necesarias para albergar a poboación do concello de Nigrán?

Como se deriva dos anteriores resultados, de manterse a ocupación de vivendas segundo o número de residentes, **é de esperar que no ano 2016 sexan necesarias 5.695 vivendas principais no concello de Nigrán.**

Tal e como se deriva da figura 9 as vivendas principais no concello de Nigrán supoñen tan só o 53% das mesmas no ano 2005. Se esta proporción se mantén **para o ano 2016 o total de vivendas, principais, secundarias e baleiras será de 10.745**, unha diferenza con respecto á actualidade de 1.547 vivendas (un 16,82% máis que na actualidade).

Recentemente publicouse e afirmouse en *“La Voz de Galicia”* (18 de febreiro de 2006, [http://www.lavozdeg Galicia.es/ed\\_vigo/noticia.jsp?CAT=111&TEXTO=4525114](http://www.lavozdeg Galicia.es/ed_vigo/noticia.jsp?CAT=111&TEXTO=4525114)) que o novo Plan é moi restritivo e non contempla un forte crecemento urbanístico do Concello, quedando limitadas para os próximos 15 anos a construción de nada menos que 7.000 novas vivendas. No xornal citado afirmase categoricamente que “El documento apuesta por un crecimiento sostenible del término municipal y defraudará a quienes pensaban que iba a convertir Nigrán en un paraíso para la inversión inmobiliaria o en un foco para la especulación urbanística”.

## NOTAS

- 1 <http://www.ine.es>, copyright, 2006.
- 2 <http://www.ige.xunta.es>.
- 3 Population Division, DESA, United Nations. World Population Ageing 1950-2050. Asamblea General, Madrid 2002.